

JÚNIOR EUROPEAN CUP – XVIII INTERNACIONAL TERESA HERRERA DE JUDO, 21 e 22 de maio

UN QUINTO POSTO A CARGO DE MONTSERRAT PARDO IGLESIAS (-70KG), DO CLUB TERRAS DE SANTIAGO E UN SÉTIMO DE CARLOS REBOREDO DIEGO (+100KG), DO CLUB DO MAJÓ É O BALANCE DOS GALEGOS NESTA SEGUNDA XORNADA DA JÚNIOR EUROPEAN CUP - XVIII INTERNACIONAL TERESA HERRERA DE JUDO, E VEÑEN A SUMAR AO OURO DE GAITEIRO, O BRONCE DE GARCÍA TORRES (FINISTERRE, AMBOS OS), O QUINTO DE LUCÍA CARBALLO (OLEIROS) E O SÉTIMO DE ELENA CAÑIBANO (CGTD), ALCANZADOS NA XORNADA DE ONTE.



Co patrocinio da Secretaría Xeral para o Deporte, o Concello da Coruña e a Deputación Provincial disputouse este fin de semana no Coliseum da Coruña a Copa de Europa Junior de Judo- XVIII Trofeo Teresa Herrera baixo a organización da Federación Galega de Judo e a supervisión da Real Federación Española e a Unión Europea de Judo.

Os judokas galegos, ALBERTO GAITEIRO MARTÍN, do Judo Club Finisterre, co seu OURO en -66kg e ROCÍO GARCÍA TORRES, do mesmo club, co seu BRONCE tamén na primeira xornada, constitúen o balance de medallas para Galicia nesta Júnior European Cup 2016, que nos deixa combates emocionantes e de enorme calidade técnico-táctica.

Tamén meritorios son os quintos postos para LUCÍA RODRÍGUEZ CARBALLO, do club OLEIROS, en -44Kg e MONTSERRAT PARDO IGLESIAS, do club TERRAS DE SANTIAGO en -70Kg, así como os 7º de ELENA CAÑIBANO DE CELIS, do Parque Sport (actualmente no C.G.T.D.), e CARLOS REBOREDO DIEGO, do Do Majó, xa que todos eles puntúan no ranking europeo e permítenlles escalar posicións na carreira por participar nos Campionatos de Europa e do Mundo da categoría.



A entrega de medallas correu a cargo de: D. Catarina Rodrigues (Directora Deportiva da Unión Europea de Judo), D. Roberto García Fernández (Xefe do Servizo Provincial de Deportes da Xunta de Galicia), D. José M. Sande García (Concelleiro de Deportes do Concello da Coruña), así como os seguintes membros da Federación Galega de Judo: D. Mario Muzas (Presidente), D. Eduardo Galán (Vicepresidente), D. Juan C. González (Coordinador Xeral), D. Jaime Roque (Director de Arbitraje), D. José R. López (Director Deportivo) e D. Roberto Naveira (Director Técnico)

Esta Copa de Europa terá continuidade nun campo de adestramento que se vai a celebrar entre os próximos 23 e 25 de maio, onde os deportistas poderán seguir mellorando o seu nivel deportivo.